


Planificación do traballo entre o 11 e o 19 de maio.

Imos comezar co tema 13. A evolución dos bloques nun mundo bipolar.

Non seguiremos a orde do libro de texto senón que comezaremos coa evolución da URSS e a Europa oriental (páxs. 308-311 e 316-319), tamén podeades empregar a seguinte ligazón para obter a información básica:

http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/bachillerato/mundo/comunista_00.html

Eixe cronolóxico do período.



0. Ver a **síntese** que se anexa ao final.

Despois de ler as páxinas sinaladas realiza as seguintes tarefas:

1. Define os seguintes conceptos:

- Desestalinización:
- Nomenklatura:
- Xerontocracia:
- Democracia popular:
- Países satélites:
- *Glasnost*:
- *Perestroika*:
- Tratado da Unión:
- CEI:
- Revolucións de veludo:

2. Explica o papel dos seguintes personaxes nos procesos estudados:

- Nikita Khrushchev
- Leónidas Brezhnev
- Gorbachov
- Boris Yeltsin

3. Constrúe un cadro (semellante ao do exemplo) no que recollas os principais feitos políticos e socioeconómicos das distintas etapas na evolución da URSS entre 1945 e 1991.

Evolución da URSS de 1945 e 1991			
Etapas	Anos	Políticos	Socioeconómicos
Stalinismo			
Desestalinización			
Inmobilismo e estancamento			
Reformas de Gorbachov			
Desintegración			

4. Seguindo as pautas (ver guía de procedemento que se anexa) para a realización dunha exposición dun tema histórico, redacta nunha cara dun folio o seguinte: a disolución do bloque comunista.

5. Esolle unha das dúas fichas que se axuntan e redacta un comentario do documento a partir da guía proposta.

8 COMO PASOU A URSS DE SER UNHA POTENCIA A DESINTEGRARSE?

OBXECTIVO

Comprender a construción e as características do bloque comunista, a súa evolución e estancamento, e as reformas que precipitaron a súa creba e desintegración.

Ao rematar a Segunda Guerra Mundial, a URSS era unha das grandes potencias vencedoras. Stalin, dono dun poder absoluto que recorría ao terror, impuxo o dominio da URSS nas democracias populares da Europa do Leste para chegar a ser un grande imperio autárquico alternativo ao capitalismo occidental.

A desestalinización significou unha rectificación insuficiente dun sistema que non tardaría en experimentar graves problemas de estancamento, acentuados pola crise mundial da década de 1970.

Afectado por graves males estruturais, as ineficientes reformas de Gorbachov precipitaron a creba do sistema e a desintegración do bloque comunista.

RELACIONA AS IDEAS

1. Que papel tivo a URSS na posguerra mundial? Como controlou os países do Leste de Europa? Que influencia exerceu no mundo?
2. Que foi a desestalinización e como acabou? Que consecuencias tivo a volta ao inmovilismo? Que protestas se produciron no bloque soviético?
3. En que circunstancias e con que obxectivos se iniciou a perestroika?

TIRA CONCLUSIÓNS

4. Cres que o ideal do socialismo se axustaba á práctica na URSS? Por que a URSS e o bloque socialista se desintegraron coas reformas de Gorbachov?

O MANTEMENTO DO STALINISMO (1945-1953)

A URSS, LÍDER DO MUNDO COMUNISTA



Os pobos do mundo unidos polo socialismo, 1951.

- Liderado de Stalin.
- Reconstrución na posguerra. Planificación económica, prioridade á industria pesada e de armamentos, desatención ao consumo.
- Colectivización da agricultura pero escaseza de produtos.
- Represión política, control social, purgas.
- Guerra Fría.

AS DEMOCRACIAS POPULARES

- Desnazificación, reformas sociais e políticas, presenza do Exército Roxo.
- Satelización do Estado: liquidación dos gobernos de concentración nacional formados desde 1945, da democracia e do pluripartidismo.
- Subordinación á URSS: sinatura de acordos económicos bilaterais e dependencia política do PCUS.
- Albania e Iugoslavia manteñen a independencia da URSS.



Cárcere de Hohenschönhausser, preto de Berlín: acollía presos políticos detidos pola STASI.

A REVOLUCIÓN CHINESA

- Guerra civil entre o Partido Nacionalista Kuomintang, liderado por Chiang Kaichek, e o Partido Comunista, dirixido por Mao Zedong.
- 1949. Nacemento da República Popular China.
- 1949-1957. Etapa de alianza coa URSS.
- 1960. Revolución Cultural. Modelo propio ao socialismo.
- 1976. Morte de Mao Zedong. Apertura a Occidente. Economía de mercado. A China convértese nunha gran potencia.

DESESTALINIZACIÓN E DESXEO (1953-1964)

REFORMAS ECONÓMICAS E CRECEMENTO NA URSS




Nikita Khrushchev recibe a Yuri Gagarin, primeiro astronauta que viaxou ao espazo exterior, 1961.

- Morte de Stalin (1953).
- Informe de Nikita Khrushchev no XX Congreso do PCUS (1956). Crítica ao stalinismo.
- Tensións provocadas polas reformas económicas e a apertura cultural limitada de Khrushchev, que quedan freadas coa súa destitución (1964).

CONFLITOS NA EUROPA DO LESTE

- Berlín, 1953.
- Polonia, 1956.
- Hungría, 1956.
- Berlín, 1961.
- Checoslovaquia, 1968.
- Polonia, 1980-81 e 1988.



Mozo en Praga coa bandeira ensanguentada do seu país, 1968.

A EXPANSIÓN DO COMUNISMO

- A partir da década de 1960 dáse a máxima expansión mundial (África, Asia e América Latina) dos réximes socialistas.
- Está ligada ás loitas pola independencia dos antigos países coloniais.
- A revolución en Cuba (1959) alentou numerosas guerrillas de inspiración comunista.



Che Guevara, figura central da revolución cubana.

CRISE E DESINTEGRACIÓN (1964-1991)

ESTANCAMENTO

- 1964-1982: Presidencia de Breznev.
- Freo ás reformas. Volta ao inmovilismo e ao control social e económico.
- Dominio da *nomenklatura* do Partido Comunista.
- Estancamento económico. Enormes gastos militares.

AS REFORMAS DE GORBACHOV

- 1985. Chegada ao poder de Gorbachov. Necesidade urxente de reformas: perestroika.
- Cambios na estrutura económica, liberalización.
- Reformas políticas. Fin da persecución da disidencia. Eleccións.
- *Glasnost*: transparencia e participación popular.
- Nova política internacional. Fin da intervención da Europa do Leste.



Selo conmemorativo da perestroika, 1988.

AFUNDIMENTO DAS DEMOCRACIAS POPULARES

- Revoltas en Polonia e na RDA.
- 1989. Caída do muro de Berlín.
- Fin dos réximes socialistas en gran parte da Europa do Leste: Hungría, Checoslovaquia, Romanía, etc.

A DESINTEGRACIÓN

DESAPARICIÓN DA URSS

- Primeiras eleccións en 1990. Yeltsin presidente.
- Problemas co desexo de independencia das nacionalidades da URSS. Reforma do Tratado da Unión.
- Golpe de Estado de 1991: aceleración das reformas.
- Dimisión de Gorbachov: disolución da URSS.
- Fin do sistema comunista soviético.



Estatua de Lenin derrubada en Lituania, 1991.

MÉTODOS. Cómo realizar unha exposición

1. Qué é unha exposición

Unha exposición é o **desenvolvemento dun tema por escrito**, correctamente redactado, previamente estruturado arredor das ideas principais que se desexa presentar.

Realizar unha exposición require un proceso previo de preparación e outro posterior de redacción.

2. A exposición en Historia

2.1. Comprende-lo enunciado da exposición

O **tema** é o punto de partida para preparar unha exposición; a partir desta, débense formular preguntas co obxectivo de aclarar-las principais asuntos relacionados co tema: ónde, cómo, cando, en qué período, qué sucesos, qué cambios, causas ou consecuencias, etc. É dicir, **precisa-lo tema desde o punto de vista espacial, temporal e de contexto**.

2.2. Propoñer unha liña argumental

Unha liña argumental é unha **idea básica** que xustifica a importancia do tema da exposición. A liña argumental debe reflectirse no proceso de redacción desde a introducción.

Por exemplo, se se debe realizar unha exposición sobre a revolución rusa, o argumento podería centrarse na importancia da revolución no proceso dos cambios estruturais dunha sociedade autocrática e tradicional a outra comunista e estatalizada.

2.3. Crear unha estrutura e activa-los coñecementos que se adquiriron

- Para utilizar na exposición os coñecementos sobre o tema é preciso estruturalos, é dicir, **relacionalos coas súas ideas principais**.
- Se, por exemplo, se quere realizar unha exposición sobre a revolución rusa desde os comezos do movemento revolucionario, habería que ter en conta as seguintes ideas:
 - Características sociais, políticas e económicas de Rusia antes da revolución de 1917. ¿Como era ese país na época tsarista?
 - Os movementos revolucionarios na Rusia tsarista. ¿Cando e como se desenvolveron os primeiros movementos revolucionarios?
 - As bases ideolóxicas. ¿Que é o marxismo-leninismo?
 - A situación política e social en 1917. ¿Como se desenvolveron os acontecementos políticos en 1917? ¿Por que se instaurou en 1922 o réxime soviético?

- Unha vez expostas as ideas principais, convirá asocíalas cos datos, os feitos e os conceptos pertinentes. Para isto, resulta de grande axuda construír un **esquema** ou un cadro:

A revolución rusa

Características sociais, políticas e económicas de Rusia antes da revolución de 1917	
Os movementos revolucionarios na Rusia tsarista	
As bases da ideoloxía marxista-leninista	
O desenvolvemento da revolución ata a formación do réxime estalinista	

- A estrutura dunha exposición debe constar dunhas **tres** ou **catro ideas principais**.

2.4. A redacción

- O **traballo de redacción**. Debe estruturarse en, polo menos, tres partes.
 - a) **A introducción**. Nesta expoñerase en qué consisten o tema e as coordenadas temporais, espaciais, sociais, políticas ou económicas; a liña argumental; e, para rematar, a estrutura da exposición coas súas ideas principais. Cómpre escribir previamente a introducción nun borrador, pois esta determinará en gran medida os seguintes pasos.
 - b) **O desenvolvemento das ideas principais**. Unha vez estea trazada a estrutura da exposición nun **borrador** e fixados os elementos que se deben desenvolver na exposición, **cada idea redactarase en diferentes parágrafos**, que poden ir precedidos de **títulos e de subtítulos**. Nun primeiro parágrafo, expoñerase o contido dunha idea principal; nos seguintes, os aspectos relacionados con esa idea, e así sucesivamente. Un último parágrafo concluirá a primeira das ideas principais e presentará a segunda.
 - c) **A valoración final ou conclusión**. Cómpre pecha-la exposición valorando sinteticamente a importancia do tema, vinculándoo, en primeiro lugar, coa liña argumental da exposición, e en segundo lugar, coa súa transcendencia histórica. As valoracións persoais que non se cinxan ó tema da análise sobran, xa que hai que evita-la subxectividade e as opinións baleiras de contido histórico. Como a introducción, é conveniente redactala primeiro en borrador.
- **A presentación**. A limpeza e a claridade son esenciais. Cómpre respectar unha marxe e dividi-la exposición en diferentes parágrafos.

Presentación dunha exposición.

TEXTOS. Reflexión sobre la *perestroika*

Nombre: _____

Curso: _____

Fecha: _____

El punto de partida en el concepto de «perestroika» fue la profunda convicción de que no podíamos seguir viviendo como lo hacíamos. He hablado frecuentemente de esto y no intento repetirme a mí mismo aquí. No he lamentado nunca, ni una sola vez, el hecho de haber sido yo el iniciador de un brusco giro en la vida de nuestro país. Lo que gracias a la «glasnost» salió a la luz sobre nuestro pasado confirmaba brutal e inexorablemente que un sistema creado conforme a las normas de la tiranía y el totalitarismo no podía tolerarse por más tiempo, y no simplemente desde un punto de vista moral, sino también desde el punto de vista de los intereses básicos del país en los terrenos económico y social. Había ya empujado al país a un callejón sin salida y lo había situado al borde de un abismo. Y continuaba vigente por medio de la fuerza, la mentira, el miedo, la apatía social, además de la ayuda de inyecciones artificiales que dilapidaban recursos y debilitaban el potencial para el futuro. Si hubiéramos conservado el antiguo régimen unos años más, habría habido razones sobradas para hablar del final de la historia de nuestro gran Estado. [...]

En cuanto a la gente que en el partido y fuera de él considera que «perestroika» equivale a traición a la causa del socialismo, esto solo indica que existe un legado de postestalinismo que está lejos de haber sido eliminado, que el neoestalinismo es una realidad hoy presente, que hay un cúmulo de problemas heredados del pasado y que una revolución, en la mente del pueblo, es un proceso muy difícil y sumamente lento.

El presente estallido de emociones nacionales y nacionalistas es una evidencia convincente de cuán insatisfactoria e indeseada era la anterior estructura y de lo peligrosas que eran las enfermedades que minaban la Unión [...]. Estamos creando un Estado moderno y los criterios según los cuales hay que juzgar su fortaleza y su grandeza son muy diferentes de lo que fueron. En la actualidad solo un Estado democrático puede ser grande [...].

La Unión Soviética, cierto, hizo esfuerzos desesperados para desempeñar el papel de una «superpotencia», pero solamente lo consiguió en un aspecto: el militar.

MIJAIL GORBACHOV, «El artículo de Crimea», en *El golpe de agosto. La verdad y sus consecuencias*, 1991

ACTIVIDADES

1 Naturaleza del texto y autor.

- ¿Cuál es la naturaleza del texto?
- ¿Quién es su destinatario?
- ¿De qué fecha es el texto? ¿Cuál es su contexto histórico?
- ¿Quién es su autor? Elabora su biografía y explica qué papel político tuvo en la historia de la URSS.

2 Análisis interno.

- ¿Cuáles son la idea o ideas principales del texto?
- ¿Cuáles son las ideas secundarias?

3 Análisis externo.

- ¿Cuándo llegó Gorbachov al poder en la URSS? ¿Qué problemas tenía la URSS en ese momento?
- ¿Cómo había afectado a la economía de la URSS su intento de ser una superpotencia?
- ¿En qué aspectos centra el autor su crítica? ¿Cuáles son los rasgos del comunismo soviético más criticables para Gorbachov?

- ¿Qué es la *perestroika*? ¿Cuáles eran sus objetivos? ¿En qué medidas se materializó?
- ¿Qué relación hay entre *perestroika* y *glasnost*? ¿Por qué era imprescindible la *glasnost*?
- ¿Qué valoración hace Gorbachov sobre los socialistas críticos con la *perestroika*? ¿Por qué los considera postestalinistas o neoestalinistas?
- ¿Qué explicación da el autor del texto a la cuestión nacionalista? ¿En qué aspectos crees que es un análisis correcto?
- ¿Qué quiere decir la última frase del texto? ¿Qué denota esta consideración?
- ¿En qué medida la política de Gorbachov contribuyó a la desintegración de la URSS? ¿Era ese su objetivo? Razona tu respuesta.

4 Síntesis.

- ¿Qué importancia histórica tuvo el gobierno de Gorbachov en la URSS?
- Resume tus conclusiones tras el comentario.

MAPAS. La desintegración de la URSS

Nombre: Curso: Fecha: 

ACTIVIDADES

- 1** Introducción.
 - ¿Qué clase de mapa es?
 - ¿Qué área geográfica se representa?
 - ¿A qué periodo de la historia de la URSS corresponde?
- 2** Comentario o explicación.
 - ¿Cuándo se creó la URSS? ¿Qué acontecimiento histórico dio lugar al nacimiento de este país?
 - Investiga e indica qué repúblicas lo integraban tras la Segunda Guerra Mundial.
 - ¿Qué tipo de gobierno tenía la URSS?
 - ¿Qué problemas acentuaron en los años ochenta la tradicional oposición entre el centro y las diversas repúblicas de la URSS?
 - ¿Cómo se intentaron resolver estos problemas durante el gobierno de Gorbachov?
 - ¿En qué repúblicas surgieron grupos independentistas en la década de los noventa?
 - ¿Cómo trató Gorbachov de evitar la disgregación de la URSS en agosto de 1991? ¿Cómo respondieron los grupos conservadores a esta iniciativa?
 - ¿Cuándo se disolvió la URSS? Indica el nombre de los nuevos países surgidos de la antigua URSS.
 - ¿Qué es la CEI? Investiga e indica qué países la integraban en 1991. ¿Qué país siguió siendo el dominante en esta organización?
 - Además de la URSS, ¿qué otros países del bloque soviético desaparecieron a partir de 1989?
- 3** Conclusión.
 - Valora la importancia histórica de la disolución de la URSS.
 - Resume las conclusiones a las que has llegado en este comentario.